

Ola familia:

Como ben sabedes, o noso colexio participa dentro do programa educativo, “Escola Verde”, que ten como un dos obxectivos, o noso compromiso de educar ás crianzas no respecto ao medio ambiente.

Neste curso, centrámonos en concienciar e sensibilizar ao noso alumnado na redución de plástico dun só uso. Para iso, propuxemos analizar, rexistrar e dialogar sobre os envases/envoltorios que traen nas merendas, tratando así de que tomen conciencia da gran cantidade de plásticos dun só uso que xeramos soamente cunha soa comida.



Plásticos recollidos nunha semana

Somos conscientes que o plástico invádenos en milleiros de produtos, e que ás veces resultanos complicado evitalo pero cremos que cuns pequenos xestos podemos contribuír significativamente a mellorar a situación: traer o bocata nunha bolsa de tea (que se pode lavar e volver usar) ou nun tupper en vez de papel albal, usar cantimplora en vez dunha botella de auga cada día, ...

O ideal sería que estas accións se trasladen á vida diaria e así cunha pequena axuda de cadaquén e xunt@s poderíamos conseguir diminuír moito plástico, redundando nun beneficio moi positivo para o noso planeta, e un medio máis saudable para tod@s, que é o fin último que se persegue.

Animádevos a colaborar!!!